



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS GALEGOS DO CAMIÑO FRANCÉS E OS CONCELLOS INTEGRANTES DA MANCOMUNIDADE PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA PAISAXÍSTICA E DE PROMOCIÓN DO XACOBEO NO CAMIÑO FRANCÉS. PARA OS ANOS 2022 E 2023.

É obxecto do presente convenio definir os termos de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia cos concellos de Arzúa, Melide, Monterroso, **Palas de Rei**, Paradela, Pedrafita do Cebreiro, O Pino, Portomarín, Samos, Sarria e Triacastela e coa Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés que os engloba, para as seguintes liñas de actuacións:

-Liña 1. Actuacións cos Concellos de Arzúa, Melide, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, Pedrafita do Cebreiro, O Pino, Portomarín, Samos, Sarria e Triacastela: Nesta liña teñen cabida as seguintes actuacións

-Actuación 1 (*Importe: 28.000,00 € para cada anualidade*): Mellora paisaxística e de embelecemento de bens e recursos que se atopen no Camiño Francés no seu paso polos citados concellos para prestar unha boa acollida aos/ás peregrinos/as. A título enunciativo sinálanse os seguintes:

- Actuacións de valorización, mantemento, conservación, consolidación ou restauración dos bens que integran o patrimonio etnográfico de Galicia
- Actuacións de ocultación, mediante vexetación ou outros elementos, daqueles bens ou elementos con forte impacto sobre o campo visual do Camiño; por exemplo, naves gandeiras.
- Actuacións de demolición de elementos en desuso ou abandonados sen interese patrimonial ou paisaxístico, como naves, silos ou casetas.
- Actuacións de mellora dos puntos de contacto co trazado do camiño: valados, pavimentos nos puntos de acceso, instalación de áreas de descanso para peregrinos.
- Actuacións de desentullo e limpeza de lixo ou materiais en desuso.
- Actuacións de substitución de elementos de mobiliario urbano e similares que, polo seu estado de deterioración ou polas súas propias características físicas, resulten alleos á contorna do Camiño. Por exemplo: marquesiñas, elementos de sinalización, bolardos, iluminación pública, cables aéreos, antenas, contedores de residuos,

-Actuación 2. (*Importe: 8.000,00 € por anualidade*): Desenvolvemento de actividades culturais e turísticas que contribúan á promoción do Xacobeo así como á acollida e disfrute dos peregrinos.

-Liña 2. Actuacións coa Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés

-Actuación 1.- Contratación dun técnico superior para a elaboración de modelos para a uniformización das ordenanzas locais relativas a temas como venta ambulante, embelecemento ou sinalización, que desenvolva e coordine as diferentes actuacións da Mancomunidade: desenvolvemento destino SICTEC, tarefas de xestión para a Mancomunidade, ou calquera outra que contribúa á realización do obxecto da Mancomunidade e a promoción e posta en valor do Camiño Francés.

A contratación deberá realizarse a través do Servizo Público de Emprego de Galicia, entre persoas que figuren nel como desempregadas.

-Actuación 2.- Desenvolvemento dunha acción anual de Promoción do Xacobeo e do

Camiño de Santiago a executar de forma conxunta nos territorios dos municipios polos que descorre o Camiño.